



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*



EXCLUSIVO
PARA CAZADORES FEDERADOS



MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



Infórmate na túa sociedade,
nunha das oficinas da
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
ou na nosa web

www.federaciongalegadecaza.com

O Comité Organizador resérvase o dereito a modificar o presente programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan

XXXVII CAMPIONATO GALEGO PERCORRIDOS DE CAZA XUNTA DE GALICIA

25 maio 2025
Campo de tiro "Río Sar"
Chaián, Trazo (A Coruña)



COMITÉ ORGANIZADOR

D. LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ
Presidente Federación Galega Caza
D. JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR
Presidente Provincial Federación Galega de Caza na Coruña
D. JOSÉ LUIS SÁNCHEZ MANCEBO
Presidente Sociedade de Caza 'Río Sar'
D. RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS
Vicepresidente da Federación Galega de Caza

DIRECTOR DE TIRO

D. Daniel Ángel Cebreiro García
Delegado de Tiro da Federación Galega de Caza

COMITÉ DE COMPETICIÓN

Designarase o mesmo día no lugar de competición.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de Escuadras e Dorsais realizarase o día 22 de maio as 9 horas na sede da Federación Galega de Caza.

O Campionato Galego de Percorridos de Caza rexerá polo vixente regulamento da Federación Galega de Caza e Normas Complementarias.

Tanto para participantes como xuíces será imprescindible o emprego de proteccións acústicas e ópticas (art. 8.9 e 8.10).

O campionato disputarase no campo de Tiro denominado Río Sar, sito en Vilouchada, Chaián (A Coruña) sobre 150 pratos nas categorías de Home, Muller, Sénior, Veterano, Máster, Xuvenís e Tiro Adaptado.

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba

DATAS E HORARIOS

24 de maio de 2025

- Adestramentos oficiais de 09:00 horas a 19:00 horas.

25 de maio de 2025

- Concentración de participantes no campo de tiro ás 8:00 horas
- Comezo da competición as 8:30 horas

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

As inscricións dos Seleccionados Provinciais realizaranse mediante a acta do Campionato Provincial, debendo obrar esta na sede da FGC antes do 22 de maio. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas, deberán dispor de un seguro de R.C. cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima.

Para participar é obrigatorio tela documentación en vigor, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade.

Participarán 65 tiradores oficiais (18 Coruña, 17 Lugo, 13 Ourense e 17 Pontevedra), máis o Campión da edición anterior, e 2 clasificados pola Copa Galicia.

Por libre poderá participar calquera tirador federado que o desexe, debendo inscribirse na FGC antes do 22 de maio.

PREZO INSCRICIÓN: 75€ HOME, MULLER, SENIOR, VETERANO E MASTER

40 € XUVENIL

Será Campión Galego o mellor clasificado no campionato autonómico, sempre que participara nun campionato provincial. O nº de prazas da selección galega estará formado 6 tiradores, dos cales o 1º e o 2º farano directamente segundo o podio do campionato galego, o posto 3º e 4º adxudicarase por puntos como marca a normativa de competicións da FGC; para a 5ª e 6ª praza clasificaranse dous tiradores pertencentes a dúas categorías (sénior, damas, xuvenís, veteranos, máster e tiro adaptado ou homes de non clasificarse nos catro primeiros postos) agás que estas prazas xa estean cubertas entre os 4 primeiros; en cuxo, córrese a lista da clasificación do campionato galego sexa por puntos ou xeral.